

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO/EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Curso 2023-2024

ÍNDICE

- Membros do EACE (páx. 1)
- Introducción: contexto (páx. 2)
- Obxectivos (páx. 3)
- Planificación xeral (páx. 4)
 - Relación de actividades complementarias e extraescolares (páx. 5)
- Avaliación do plan (páx. 20)

MEMBROS DO EACE

Mónica Ares Ameixide
Carlos Bacelo López
Sara Delgado Porto
Daniel Díaz Viqueira
Dolores Freire Villar
Alicia González Alonso
Lidia López Sandomingo
Marina Pernas Marín

María Luísa Pita Rubido (coordinadora)
Vanessa Pita Santalla
María Dolores Otero Mariñas
Zeltia Rodríguez Rodríguez
Tania Ruanova Suárez
Luisa de Marillac Sánchez López
Alba Vilela Mouriz

A) INTRODUCCIÓN: CONTEXTO

A presente programación ten como obxectivo planificar as actividades complementarias e extraescolares do CPI Atios para o presente curso 2023-2024. Para isto, teremos en conta que nos atopamos nun contexto moi concreto e favorecedor para desenvolver certas actividades, como é o do concello de Valdoviño, de carácter maioritariamente rural pero moi próximo a núcleos urbanos importantes como son Ferrol ou Narón, cunha grande influencia en toda a comarca de Ferrolterra. Isto implica que é doado, como xa se fixo ao longo destes anos, programar saídas e actividades nunha contorna natural próxima, mais tamén temos a man as posibilidades que nos ofrecen os núcleos urbanos próximos para visitar museos e exposicións, acudir ao teatro e ao cine ou gozar de espectáculos musicais, concertos etc.

Como en cursos anteriores, traballaremos estreitamente con outros equipos e departamentos, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo da Biblioteca, organizando e levando a cabo moitas actividades en conxunto, especialmente aquelas ligadas á celebración de festas tradicionais ou conmemoracións anuais. Tamén teremos en conta a colaboración da ANPA, tanto a nivel organizativo como económico, especialmente no Magosto, no festival de Nadal, no Entroido e no festival de fin de curso.

Na práctica educativa, as actividades complementarias e extraescolares adquiren unha relevancia especial e non podemos prescindir delas dentro da metodoloxía de ensino, xa que poñen en contacto o alumnado coa súa contorna máis próxima e levan ao ámbito da realidade moitas das abstraccións que aprenden nas clases. Ademais, axudan á cohesión do grupo, á relación entre os membros da comunidade educativa e ao contacto coa sociedade que rodea o centro educativo.

Debemos lembrar que teñen o carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Pola contra, denomínanse **extraescolares** aquelas actividades que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra dese horario lectivo e/ou fóra do recinto escolar e son de participación voluntaria. O Consello Escolar do centro facilitará así o máximo desenvolvemento deste tipo de actividades, sempre que non vaian en detrimento das propiamente educativas.

B) OBXECTIVOS

Os obxectivos que se propón acadar o EACE no presente curso 2023-2024 son os seguintes:

- Fomentar e organizar, xunto cos coordinadores/as de ciclo e os xefes/as dos departamentos, viaxes culturais e deportivas que completen o currículo propiamente escolar.
- Promover a participación nas actividades organizadas a nivel de centro xunto cos Equipos de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega.
- Programar as visitas, viaxes, celebracións e conmemoracións coa colaboración dos coordinadores/as de ciclo e dos xefes/as dos departamentos, especificando os obxectivos, responsables das mesmas, lugar e tempo de realización, forma de participación do alumnado e valoración da actividade.
- Proporcionar ao alumnado e pais/nais información sobre as diferentes actividades do departamento. Utilizaremos a páxina web do centro, as circulares a través de Abalar ou calquera outro tipo de medio de comunicación para informar das actividades que van ser realizadas ou que xa se levaron a cabo.
- Informar ao profesorado das actividades complementarias que se vaian realizando no centro para que todo o claustro teña coñecemento e poida colaborar no seu desenvolvemento. Encargaranse desta función os coordinadores/as de ciclo e os xefes/as de cada departamento, unha vez informados polos membros do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Informar sobre as ofertas e propostas culturais e lúdicas chegadas ao centro, dándolles publicidade a través tanto do espazo establecido para tal efecto na sala do profesorado (caixas de correo) como mediante o correo electrónico.

Tal e como se indica na PXA, podemos resumir estes obxectivos nunha serie de metas para as cales realizaremos diferentes actuacións:

META	ACTUACIÓNS
<i>Coordinar a dinamización.</i>	Elixir a persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares.
	Escoller os membros das actividades complementarias e extraescolares de xeito que no equipo estean representados todos os sectores e todos os ciclos e departamentos do centro.
<i>Organizar actividades que fomenten o coñecemento da contorna.</i>	Participar en proxectos propostos polo concello que teñan como finalidade potenciar a contorna.
	Promover proxectos en Educación Infantil e Primaria para o coñecemento da nosa contorna.
	Organizar proxectos en Educación Secundaria para o coñecemento da nosa contorna.
	Desenvolver o curso de coñecemento da contorna dentro do PFPP.
<i>Difundir as actividades organizadas para informar das mesmas á comunidade educativa.</i>	Expoñer publicamente a programación inicial do EACE e darlle difusión ás propostas de actividades antes da súa organización.
	Elaborar unha análise trimestral que recompila todas as actividades e saídas didácticas realizadas no centro, así como unha memoria final do EACE.
	Darlles publicidade ás diferentes actividades, antes e despois de seren realizadas, a través de circulares e da páxina web do centro.
<i>Preparar e desenvolver os festivais e as excursións.</i>	Organizar e colaborar con outras dinamizacións (EDLG, Biblioteca...) na organización das diferentes festividades anuais do centro: Magosto e Samaín, festival de Nadal, Entroido, festival de fin de curso...

C) PLANIFICACIÓN XERAL

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, en colaboración co profesorado e o alumnado do centro, organizará actividades para celebrar as seguintes festas (as datas concretas, aínda que se procurará que coincidan co propio día da conmemoración oficial, variarán en función das necesidades do centro):

- Magosto e Samaín (novembro)
- Día Universal da Infancia (novembro)
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero (novembro)
- A Constitución. Estatuto de Autonomía (decembro)
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (decembro)
- Festival de Nadal (decembro)

- Día Escolar da Non Violencia e a da Paz (30 xaneiro)
- Entroido (febreiro)
- Día de Rosalía de Castro (febreiro)
- Día Internacional da Muller (marzo)
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (marzo)
- Semana da Prensa (marzo)
- Día Mundial da Saúde (abril)
- Día do Libro (abril)
- Festa dos Maios (maio)
- Día Internacional contra o Acoso Escolar (maio)
- Día de Europa (maio)
- Semana das Letras Galegas (maio)
- Día Mundial do Medio Ambiente (xuño)
- Festa de fin de curso (xuño)

RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Unha vez consultados os ciclos e departamentos, infórmase de que no presente curso escolar se van realizar as seguintes actividades que a continuación se detallan:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Asistencia ao espectáculo musical "Cantaxoga" de Migallas na Casa da Cultura de Valdoviño o 21 de novembro.
- Visita á exposición de fotografía do Peirao de Trasatlánticos da cidade da Coruña. Aproveitarase para visitar tamén un parque da cidade e volver despois de xantar.
- Saída ao zoolóxico Marcelle Natureza o 4 de xuño.
- Saída á praia algunha mañá do 3º trimestre.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CICLO PRIMARIA

- Organización dunha saída por trimestre, aínda sen determinar, que terá relación coa programación didáctica que se estea a desenvolver.
- Excursión de fin de curso no mes de xuño ao parque Marcelle Natureza, así coma unha saída á contorna da praia da Frouxeira.
- Participación activa en todas as actividades complementarias propostas polas diferentes dinamizacións do centro: EDLG, EACE e Biblioteca, así coma nas actividades culturais que nos poidan ofertar dende o concello de Valdoviño.

2º CICLO PRIMARIA

- Saídas á Casa da Cultura, á Biblioteca Municipal e ao Museo do Surf.
- Participación nas celebracións de festas populares co centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maíos...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a Violencia de Xénero, Día do Libro...)
- Viaxes culturais e visitas que se organizarán ao longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.

3º CICLO PRIMARIA

- Saídas a cursos de vela e surf.
- Realización da “Milla Urbana” ao redor do colexio.
- Saída á Fundación Caixa Galicia de Ferrol para asistir a unha obra de teatro en galego.
- Realización do camiño de Santo André por etapas.
- Baixada á praia.
- Saídas relacionadas coa contorna.
- Saídas en bicicleta como parte da actividade de EF.

- Saída de final de curso ao parque acuático de Cerceda (5º curso).
- Saída á Estación Meteorolóxica de Compostela (6º curso).
- Participación no festival Teatro con G organizado pola CENLF.
- Saída de final de curso: acampada prevista para dous ou tres días (6º curso, lugar aínda sen determinar).
- Calquera actividade proposta polo concello.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

O Departamento de Lingua Galega e Literatura colaborará estreitamente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e co Equipo de Biblioteca na organización das actividades de fomento do galego e de conmemoración de datas sinaladas que se desenvolvan no centro durante o presente curso 2023-2024.

Ademais, de xeito máis concreto, intentará desenvolver as seguintes actividades:

- Participación en certames literarios convocados dentro e fóra do centro. Procurarase combinar a creación literaria cos recitais poéticos, co fin de traballar non só a escrita, senón tamén a oralidade en lingua galega.
- Asistencia e participación nalgún concerto de música en galego, como por exemplo o festival "A mocidade coa lingua", organizado anualmente pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.
- Visualización de películas en galego. Trataríase de asistir ao cine para ver algunha película dobrada ao galego ou de produción galega, sempre que a carteleira o permita.
- Charlas-coloquio de escritores/as galegos/as, actores/actrices, contacontos, “youtubeiros/as” ou persoeiros destacados da cultura galega.
- Asistencia ao teatro, en caso de xurdir algunha representación dunha obra galega nun lugar e data axeitados. De poder ser, daríámoslle preferencia a obras que desterran prexuízos lingüísticos, como é o caso de *Bicos con lingua*, *Pelos na lingua* ou *A parábola do angazo*, de Talía teatro. Tamén sería interesante para os cursos superiores (especialmente 4º ESO)

poder asistir a algunha obra clásica dalgún autor estudado nas aulas, como por exemplo *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Non se desbota tampouco a idea de formar un grupo de teatro propio co que alumnado poida participar no festival “Teatro con G” organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

- Visita a algunha das casas-museo dos/as autores/as estudados en 3º e 4º ESO. Neste caso, a escolla dependería das posibilidades de realizar outras actividades no lugar visitado en colaboración, se fose necesario, con outros departamentos (por exemplo, visitar a casa de Pondal se o Departamento de Sociais organizase tamén unha visita ao dolmen de Dombate ou ao castro de Borneiro, ou ver a casa-museo de Rosalía de Castro e ao mesmo tempo aproveitar para visitar Santiago de Compostela).

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

Na materia de Lingua e Literatura Castelá:

- Saídas ao teatro no colexio Salesianos San Juan Bosco da Coruña:
- 22 de febreiro de 2024: *La vuelta al mundo en 80 días* para 1º e 2º de ESO.
- 8 de abril de 2024: *La casa de Bernarda Alba* para 3º e 4º de ESO.
- Posibles saídas a Padrón, á Fundación Camilo José Cela; a Vilanova de Arousa, á Casa Museo de Valle-Inclán, aínda por determinar; ou á Coruña, á Casa Museo de Emilia Pardo Bazán.
- Participación en diversos concursos literarios, se é factible.

No Ámbito Sociolingüístico do PDC:

- Os alumnos poderán participar nas actividades programadas dos departamentos de Lingua e Literatura Galega, Xeografía e Historia e Lingua e Literatura Castelá.

Na materia de Latín:

- Visualización de calquera película que teña como temática ou ambientación a antiga civilización romana.

- Asistencia a algunha obra de teatro adaptada de clásicos latinos, sempre que xurda a oportunidade e o permitan o desprazamento e as datas.
- Visita ás murallas de Lugo, ao Museo Provincial de Lugo, ao castro de Viladonga, ao campamento romano de Sobrado dos Monxes, ou a calquera outra manifestación da pegada romana en Galicia, en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia.
- As mesmas saídas que se fan na materia de Cultura Clásica de 3º de ESO.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Desde o Departamento de Educación Física propóñense as seguintes actividades de carácter complementario e extraescolar para o curso 2023/2024. A programación das mesmas pode sufrir alguna modificación que será notificada nas comisións de coordinación pedagóxica e claustros. Con carácter xeral, priorizaranse aquelas que se desenvolvan ao aire libre, nas contornas naturais e en colaboración con outros departamentos.

ACTIVIDADE	CURSO	TRIMESTRE	DATA
SAÍDAS AO MEDIO NATURAL PRÓXIMO AO CENTRO	TODOS	TODOS	AO LONGO DO CURSO
GRAPPLING	1º ESO	PRIMEIRO	OUTUBRO
INICIACIÓN AO BALONMÁN	2º ESO	PRIMEIRO	OUTUBRO
MAGOSTO E XOGOS POPULARES	TODOS	PRIMEIRO	NOVEMBRO
XINCANA DE NADAL	TODOS	PRIMEIRO	DECEMBRO
INICIACIÓN AO TIRO CON ARCO	1º ESO	PRIMEIRO	NOVEMBRO
SEMANA BRANCA 2024	2º, 3º E 4º ESO	SEGUNDO	XANEIRO
XORNADAS DE XADREZ	TODOS	SEGUNDO	FEBREIRO/MARZO
VISITA BASQUEMI FERROL	1º ESO	SEGUNDO	XANEIRO
MULTIAVENTURA ASTURIAS	1º ESO	TERCEIRO	ABRIL/MAIO
XOGAMOS AO MAR	3º E 4º ESO	TERCEIRO	XUÑO
RAFTING E PAINTBALL 2024	3º E 4º ESO	TERCEIRO	XUÑO
BAUTISMOS DE SURF	1º E 2º ESO	TERCEIRO	XUÑO
ORIENTACIÓN DEPORTIVA	3º E 4º ESO	TERCEIRO	MAIO
XORNADAS DE ESCALADA	4º ESO	TERCEIRO	MAIO/XUÑO
CAMIÑO DE SANTIAGO	4º ESO	TERCEIRO	XUÑO

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Concerto didáctico na casa da cultura de Valdoviño no mes de novembro.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

- Visita a Sotavento, parque eólico experimental e casa domótica bioclimática, no segundo trimestre para alumnado de 3º e 4º de ESO de Tecnoloxía.
- Concurso galego de robótica na Coruña para alumnado de 3º de ESO de Dixitalización e de 4º de ESO de Tecnoloxía.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No 2º trimestre, e co alumnado de 4º da ESO, farase unha saída aos IES da zona.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Non hai prevista ningunha actividade a principio de curso. Aínda así, queda aberta a posibilidade, no caso de considerala necesaria e axeitada, ao longo do curso. A principal razón para non ter prevista ningunha actividade é a falta de tempo para cumprir a programación e a cantidade de actividades que se fan durante o curso.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS/BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

CURSO	ACTIVIDADE	DATAS PREVISTAS
1º ESO	Visita á Lagoa da Frouxeira. Observación e identificación de flora litoral e de aves coa SGHN.	Meses de decembro e marzo (datas por definir).

	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal.	3º trimestre (data por definir).
3º ESO	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal.	2º trimestre (data por definir).
4º ESO	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal.	2º trimestre (data por definir).

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- Visita con 4º de ESO ao CIQUS ou, de non ser posible, ao CICA).
- Visita á DOMUS, para realizar a actividade “Como se desenvolven os fármacos” dentro do programa “Laboratorio aberto”.
- Visita a Sotavento co alumnado de 3º ESO en colaboración co Departamento de Tecnoloxía.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

- 1º trimestre: visita ao belén da Orde Terceira (1º e 2º ESO).
- 2º trimestre: visita a xente maior da zona (todos os cursos).
- 3º trimestre: marcha a Santo André de Teixido (3º e 4º ESO).

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Materia de Xeografía e Historia

1º ESO

Visita ao Museo de Prehistoria de Vilalba

- Obxectivos
- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais como fontes fundamentais que nos

permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vilalba

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Pedregal da Irimia, Castro de Viladonga e Lugo

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais, da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Zona de Lugo

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Proxecto Terra

• Obxectivos

- Coñecer a realidade de hábitat e arquitectura galegas

- Coñecer as diferenzas entre os ámbitos rurais e urbanos do noso territorio.

- Coñecer as diferenzas entre o noso territorio e outros territorios, tanto dentro da comunidade autónoma, como fóra dela.

- Entender a arquitectura como parte integrante da identidade cultural galega en particular, e de todos os pobos en xeral.

• Data: por determinar, probablemente terceiro trimestre.

- Lugar de realización: segundo o programa concedido
- Repercusións económicas: segundo o programa concedido
- Profesorado responsable: calquera do departamento

2º ESO

Visita a un castelo, como pode ser o de Moeche, Vimianzo, Soutomaior ou Pambre

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Data: 3º trimestre

- Lugar de realización: Moeche, Terra de Soneira ou Lugo – A Ulloa

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Data: 3º trimestre

- Lugar de realización: Silleda

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo do Pobo Galego de Compostela e a zona antiga da cidade

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Data: 2º trimestre

- Lugar de realización: Santiago de Compostela

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo do Etnográfico da Capela

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do pasado, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte e os restos etnográficos locais, entendendo que moitos perviven nos nosos días, e que deben ser recordados e preservados para coñecer o noso pasado e saber de onde vimos.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Data: 2º - 3º trimestre

- Lugar de realización: A Capela

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

3º ESO

Visita ao Parlamento de Galicia e outros monumentos da cidade compostelá

- Obxectivos

- Comprobar in situ o funcionamento do Parlamento Galego, eixo vertebrador da vida política galega.

- Coñecer as instalacións, tempos de intervención, medios para facelo... dos que dispoñen os e as parlamentarias galegas.

- Recoñecer as características dunha sociedade democrática e seus mecanismos de funcionamento.

- Comprender a importancia do Estatuto Galego e contextualizalo historicamente.

• Data: Segundo trimestre

• Lugar de realización: Santiago de Compostela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita a algunha instalación relacionada con algún dos sectores económicos (explotación agrogandeira, factoría Citroën Vigo, gran hipermercado...)

• Obxectivos

- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.

- Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.

- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.

- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vigo, bisbarra de Arzúa...

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao centro de interpretación da Batalla de Rande, Meirande e ao Museo do Mar de Vigo

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar a importancia do mar na nosa comunidade tanto no pasado coma no presente.

- Coñecer as distintas artes de pesca e o desenvolvemento destas no tempo.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Vigo e arredores

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

4º ESO

Visita á Illa de San Simón, e cidade e museos de Vigo

- Obxectivos

- Recoñecer os lugares destacados da comunidade autónoma a nivel histórico recente.

- Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana.

- Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia.

- Data: 3º trimestre

- Lugar de realización: Vigo.

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo Naval de Ferrol

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Moderna e Contemporánea, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte moderna, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Data: 2º trimestre

- Lugar de realización: Ferrol

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

- Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita a museos situados nas distintas cidades de Galicia

- Obxectivos

- Analizar e valorar a arte da Idade Contemporánea en España e Galicia.

- Valorar a arte, como fonte fundamental que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte contemporánea, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Data: 3º trimestre
- Lugar de realización: Ferrol, A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra...
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.
- Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Cultura Clásica

Visita aos restos romanos da cidade de Lugo e arredores (Santa Eulalia de Bóveda)

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

- Data: 2º trimestre
- Lugar de realización: Lugo
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Centro de Interpretación Caldoval de Mugarodos

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

- Data: 1º - 3º trimestre
- Lugar de realización: Mugarodos

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Actividade de recreación histórica a mans da Asociación Gallaecia Viva

- Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

- Data: 1º - 3º trimestre

- Lugar de realización: no propio centro

- Repercusións económicas: Custo da actividade

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Economía

Visita a algunha empresa da contorna como pode ser Pull & Bear, ou algunha outra de índole social

- Obxectivos

- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.

- Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.

- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.

- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.

- Data: ao longo de todo o curso

- Lugar de realización: Ferrolterra

- Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Proxecto competencial

Visita á Cociña Económica de Ferrol, algún centro xeriátrico, protectora animais...

- Obxectivos
 - Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións.
 - Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos.
 - Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz.
 - Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.
 - Desenvolver o espírito crítico e argumentativo.
- Data: ao longo de todo o curso
- Lugar de realización: Ferrolterra
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 1º - 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Inicialmente, non se programa ningunha actividade complementaria aínda que, ao longo do curso, poderase participar en aquelas organizadas a nivel de centro.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

- Celebración do Día da Francofonía: é a intención deste departamento acudir cos alumnos de francés á xornada da francofonía en Galicia que prevemos que se celebrará ou ben na semana da francofonía (ao redor do 20 de marzo que, no ano 2024, coincide na derradeira semana do 2º trimestre, previa ás vacacións de Semana Santa), ou ben xa no 3º trimestre tal e como sucedeu o curso pasado que, á marxe da data oficial conmemorativa do día da francofonía, se celebrou o 8 de maio. Tanto a asistencia coma a elección dos grupos dependerán, en primeiro lugar, de que a xornada sexa organizada e se realice e, ademais, da dispoñibilidade das datas no noso centro. En principio a actividade está pensada para alumnos de 3º e 4º de ESO, coa posibilidade de acudiren tamén os de 2º curso.

- Teatro: este departamento estará atento á oferta de representacións teatrais en francés ou bilingües galego/francés, castelán/francés que teñan lugar na nosa contorna ou media distancia, promovidas tanto por compañías privadas coma por institucións públicas. No mes de setembro aínda non dispoñemos desta información.

Do mesmo xeito, valorarase a idoneidade, adecuación e calidade pedagóxica de calquera iniciativa relacionada coa difusión da cultura, da literatura ou da arte francesa que teña lugar a pequena ou media distancia do noso centro educativo.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Realizarase unha excursión a Betanzos para visitar o Museo da Estampa Contemporánea con 4º ESO. Tamén se levarán a cabo visitas a distintas exposicións de arte que poidan xurdir.

D) AVALIACIÓN DO PLAN

Como indicadores de avaliación da presente programación teremos en conta o seguinte:

- A cantidade de actividades realizadas, que se reflectirán na páxina web do centro.
- O grao de participación e implicación da comunidade educativa en ditas actividades.
- A visibilidade das actividades máis alá da comunidade educativa: a súa repercusión no concello de Valdoviño.
- A satisfacción de toda a comunidade educativa na súa realización e as repercusións que estas actividades poidan ter na aprendizaxe do alumnado, como oportunidades que son para adquirir novos coñecementos e novas experiencias que enriquezan aos rapaces e rapazas do CPI Atios formándoos de xeito integral como persoas.

Valdoviño, 26 de outubro de 2023

María Luísa Pita Rubido

Coordinadora das Actividades
Complementarias e Extraescolares